



CONCELLO DE NARÓN
ARQUIVO XERAL
Área de Arqueoloxía

Andrés PENA GRAÑA

Historiador, arqueólogo e arquivista municipal
Arquivo Xeral. Casa do Concello
Plaza de Galicia 15580 Narón

**INFORME DE NULO IMPACTO ARQUEOLÓXICO DO PLAN ESPECIAL DE
DOTACIÓNS EN FREIXEIRO**

Destinatario Ilmo Sr. Don José Manuel Blanco Suárez, Alcalde Presidente do Concello de Narón (+ arquitecto municipal Don Manuel Otero)

Ilmo sr. :

Andrés Pena Graña, Dr. en Arqueoloxía e Hª Ant., Arqueólogo do Concello de Narón informa que revisada a nosa factografía medieval, moderna e microtoponimia e ao longo de máis de vinte anos, intensivos traballos de campo prospectivos segundo consta nas nosas publicacións.

-avaliándose a área afectada do Plan Especial de dotacións en Freixeiro, terras baixas inundadas do río Freixeiro (Barciela) e terras máis altas de laboura do Idreiro (cf. Narón, un Concello con Historia de Seu, 1993, mapa da p. 145, e texto das pp. 144-150)

-non se documentan nin existen en dita área castros, mamoads, nin outros restos, presentando a todos os efectos a área afectada –abondo alonxada do Castro do Petouzal- nulo interese arqueolóxico.

En Narón Terra de Trasancos a 19 días de Outubro de 2009

Ado Andrés Pena Graña
Funcionario de Carreira do Concello de Narón



O CASAL OU CASA NO PREITO LIUVA-ANTINO

Enténdese, na Idade Media, por este termo, unha vivenda labrega, explotación familiar con todo o que a rodea, cortiñas, leiras, hortas, alpendres, leiras pechadas para o gado e entradas e saídas a pastos e montes.

Orixinariamente, o *casal* como o *villar* non constituíe un núcleo de poboamento, senón somentes unha unidade de explotación familiar de hábitat dispersa dentro do marco xurisdiccional da *villa* ata finais do século XII. Existe unha serie longa de documentos nos que se amosa a realidade do casal algúns relativamente temperáns como a '*intentio*' liuva/Antino, outros serodios como o Apeo de Pedroso de mediados do século XVI. Pero ambos amosan unha estreita correlación morfolóxica. O segundo caso amosa como ó crece-la poboación esta vai gañando terreo o monte, abrindo novos espazos que quedarían valeiros a finais do século XIV estando en total ruína as casas todavía no século XVI.

Preséntase inicialmente en Trasancos o *casal* dentro do marco da *villa*, pero con rasgos individuais, constituindo un núcleo de habitación na periferia da mesma, así pois, en estes casos responde claramente a un hábitat disperso; o feito de que en varias ocasións señan designados cónome de personas o ratifica. Outro argumento a favor de esta sólida hipótese ó constitúen os topónimos nos que está presente o termo Casal (Dra. M. C. Pallarés). *Casa* e *casal* usáanse indistintamente, indicando o primeiro o edificio cá familia que o habita e o segundo o edificio cos anexos necesarios para o desenvolvemento económico da granxa.


O sentido do termo que nos ocupa pódese ver perfectamente matizado a traveso dun documento moi interesante da nosa Col. diplomática de S. Martiño de Xuvia do que nos ocupamos máis extensamente en outro capítulo. Xa estudado por Rubén García Álvarez.

O documento di así:

Xps. Primeiro de agosto de 1069 (era i.c.viii et quot kalendas auggusti).

Entablouse un preito entre o abade Antino e os frades de S. Martiño, e Liuva sobor de unhas herdades e pomares (terreo adicado ó cultivo de maciñeiras) que son do mosteiro de S. Martiño, acusándose e contendendo (intendentes et contententes) uns con outros, o Abade Antino e Liuva, aquí no mosteiro de S. Martiño diante do noso señor e xuíz (o conde Froila Bermudez), e de moitos outros, nobres todos eles (Proli bene natorum), dicindo a Liuva o abade e frades do mosteiro por mor da herdade que tiña de Gatón que áchase testada ó mosteiro, cós seus anexos (adjuntiones) e os seus pumares, 'a terceira parte integra de canto me corresponde entre meus birmans o berdeiros'; e foi testado de Dona Aragunta, pola sua anima, as herdades e o casal (ipsas hereditates et ipso kasale) de Gatón que xa antes nomeamos (de Gatón quod superius nominabimus). E áchase esta villa e Pumar (ipsa villa e pumar) no Territorio de Trasancos, na villa (dentro dos seus límites anteragos) que chaman Neixa (villa quos vocitant Neixa), no seguinte lugar, entre a casa de Eika Dominguez (Eika Dominici) e do mesmo Liuva, e coñécese ese sitio polo nome de Casal de Gatón (et vocitant ibi kasale de Gatón) ó rente do río que discurre seco ata Suprado (Superato) onde entra no mar levando o cauce en dirección a S. Martiño. (32)

A soberbia redución da microtoponimia das coleccións diplomáticas de Xuvia do noso colaborador D. Manuel López Bouza permítennos un demorado recorrido polo espazo xeográfico deste diploma:



MAR DA XOIVA

Rede viaria Medieval do actual Couto e Xuvia

Do castro do Petouzal, concretamente da fonte do Castro, arranca un vello rueiro coñecido polo nome de rueiro do Castro, que en dirección N.E. atravesa a Lugareira ata o que hoxe é o lugar de Neixa, e no século IX era a villa de Neixa, perto da fonte do mesmo nome. De Neixa partían dous rueiros que aínda existen, un que ía cara a Domirón, onde estaba a *villa*, que có tempo sería a máis preciada das posesións do conde D. Froila Perez Bermudez, non polo valor económico senón polo seu valor sentimental. A beleza das súas fragas, das que aínda quedan os topónimos, que se extendían pola costa, e as súas posibilidades cinexéticas debían de ser farto estimadas por el xa que, estando a punto de morrer a máns dos almorávides no desastre de Sacralinas o Zacalinas, ofreceu *Domirón* ó seu mosteiro de Xuvia se S. Martiño deixabao sair con vida.

A medio camiño entre o lugar de Castro e a *villa* de Neixa outro rueiro coñecido có nome do Souto, pasaba a ponte do Cadaval no río Freixeiro, atravesaba os terreos da Torre (o que hoxe son As Torres) un topónimo baixo medieval —que aludía á torre do prior do mosteiro, dotada de todo o mobiliario necesario para que por métodos expeditivos os culpables “confesaran” os seus crimes, (coñecemos ben a torre do mosteiro de Pedroso; e de alí cruzaba o que hoxe é a carreira da Faisca —orixinariamente o rueiro que se dirixía a Suprado (*Superado*) atravesando unha derivación un vello depósito de cunchas de ostra no que apareceu cerámica romana de paredes finas— onde en carros recollíanse, ata hai pouco, algas e cunchas para abona—las terras e —tamén alí existía un pequeno embarcadoiro— pasaba pola chousa da Pedra outro vello camiño que se dirixía ó leste, cara ó castro do Petouzal, beireándoo en dirección sur. Pasando pola Picota (xusto nun cruce de camiños, onde na Baixa Idade Media podían verse os condenados trabados a picota expostos a vergoña pública polo “*allón*” ou saión do prior) do mosteiro ata a Faisca de abaixo donde un ramal SE iba cara ó complexo monacal e outro SW atravesaba os montes do Vilar ata a Punta do Preguntoiro no mar, entre Sua Coba e Suprado (*Superato*). En torno a esta rede dispoñíanse os casais.

Dona Aragunta, unha nobre da que ignoramos a súa filiación, doara ó mosteiro (dunhas propiedades probablemente en rexime ‘*pro indiviso*’) o seu quiñón dun reparto entre ós seus irmáns (sempre segundo a versión do mosteiro), entre elas está o *casal* de Gatón, constituído por unha casa labrega coas súas terras que debían ter unha certa extensión (ésta é a norma nos casais de Pedroso), á beira dun camiño onde había dous casais máis: o de Liuva e máilo de Eika Dominguez. Quizá Liuva, (*homo bono*), un labrego libre ou un antepasado, recibírao directamente de dona Aragunta ben como agasallo, ben por compra, ben como herdanza; neste caso, Liuva sería un descendente dunha rama dunha familia nobre, propietario dunha boa facenda, como se deduce da extensión do seu casal. Lamentablemente a carta notarial non consigna a extensión deste casal, e teremos que recurrir a unha minuciosa pescuda.

Na exhaustiva redución toponímica do couto de S.Martín realizada polo Sr. M. López Bouza —inestimable colaborador— o casal de Gatón e os outros limitan con Domirón, o Vilar, a Faisca, Corribó e Chousa da Pedra.

Esta granxa mailo pumar, obxecto de litixio (*villa et pumar*) áchanse segundo o documento dentro dos límites da *villa* de Neixa, bastante alonxados do núcleo da aldea, o que corrobora o dito con anterioridade.

A forma de ubicar no espacio físico unha propiedade na documentación alto-medieval é extremadamente precisa, e si se ten a sorte de dispor, coma en este caso concreto, dunha completa redución e estudio da área; tamén ofrece ricos datos indirectos.

Primeiro fálase da comarca, a comarca onde plenamente recoñécese a área da *civitas-populus, treba* ou *territorium*, da época castrexa.

"Et est ipsa villa et pumare in territorio Trasanquos"

Depois especificase a villa de poboamento antigo, ese gran claro no medio do bosque, dentro dos vellos límites do cal se atopa a propiedade da que se fala.

"Villa quos vocitant Neixa"

Ata aquí, séguese, pois, un esquema paralelo ó que amosa a epigrafía para a cultura castrexa, onde dempois do nome e a filiación, indícase o *territorio* ou *civitas/populus* seguida do "C" envorcado e un topónimo en ablativo referente ó lugar de habitación, o castro, ou á domicialización, a verba "*domo*" (casa, residencia seguida, en ocasións, do xenitivo de poseedor que pode coincidir, ás veces, cun topónimo)

Unha vez dentro da área da *villa* ven o nome do lugar ou ben o nome das propiedades, en este caso Gatón, hoxe a Gatoira

"Gatón... in loquo Predicto"

Esta graña-*villa*, casa labrega, de un propietario que semella acomodado asimesmo se chama Casal.

"Vocitant ibi kasale de Gatón"

Está situado máis precisamente entre dúas casas.

"Inter Kasa de Eika Dominici, et de ipse Liuva"

Casal e casa significan ó mesmo. Non se trata de que Liuva ten outra casa máis, e aínda que non podemos saber se posee máis bens que estes, o que é probable —só interesa a efectos do pleito, tratar do *casal=casa* de Gatón— afirmamos que ó menos é un "mediano" (parodiando este termo, evidentemente non sabemos en que consiste un mediano propietario no século XI) propietario de terras e que goza dunha situación acomodada.

Difícilmente pero podería ocorrer que os seus ascendentes foran de extracción nobre, descendentes de Dona Aragunta, señora da "prole dos ben nados" se foi así xa non leva título algún, agora consideránnos socialmente un labrego máis, un *home bó* como o seu veciño Eika Domínguez, posesor así mesmo do seu casal.

Estas dúas casas díspóñense ó longo dun camiño de carro que aínda hoxe existe, perto dunha fonte de auga.

"Prope rivulo que discurrere sico pro ad Superado (Suprado) et intra ibi in illo mare discurrentes ad monasterio Sancti Martini".

Este regato (*rivulo*) que discurrere seco, no verán ten hoxe o seu canle nun rueiro, o cal, ata hai pouco tempo comportábase como un verdadeiro río no inverno, como sucede coa maioría das corredoiras do N. de Galicia que bordean outeiros e son camiños e torrenteiras á vez.

Tódolos casais dispóñense sempre a ámbalas beiras dos *carraria*, non por capricho senón por necesidade, xa que o camiño de carro é fundamental para a posta en explotación das terras, recolle-la colleita das leiras, transportar-las mazás ou, dende o século XIII, as uvas ata os lagares, carretar pedra para a construción... por el pasan as cargas de leña que hai que paga-lo Mosteiro e un longo etc., é dicir, é fundamental para o desenrolo da actividade económica da casa.



CONCELLO DE NARÓN
ARQUIVO XERAL
SERVIZO DE ARQUIVO, HISTORIA E ARQUEOLOXÍA
Praza de Galicia 1, 15570 NARÓN
Andrés Pena Graña.
Historiador, arqueólogo y arquivista municipal.

INFORME DE NULO IMPACTO ARQUEOLÓXICO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EN FREIXEIRO.

Destinatario Ilmo Sr. Don José Manuel Blanco Suárez, Alcalde Presidente do Concello de Narón (+ arquitecto municipal Don Manuel Otero)

Ilmo sr.:

Andrés Pena Graña, Doutor em Arqueoloxía e Hª Ant., Arqueólogo do Concello de Narón, informa que revisada a nosa factografía medieval, moderna e a microtoponimia, e ao longo de vinte anos de intensivos traballos prospectivos de campo segundo consta nas nosas publicacións.

- Avaliándose a área afectada do Plan Especial de dotacións em Freixeiro, modificada e ampliada tal e como se reflecte no plano de abril de 2010 adxunto: terras baixas inundadas do río Freixeiro (Barciela) e terras máis altas de labourea do Idreiro (cf. Narón, um Concello com Historia de Seu, 1993, mapa da p 145, e texto das pp. 144-150)

-non se documentan nin existen em dita área, castros, mámoas, pedrafitas, nin outros restos arqueolóxicos, presentando a todos os efectos a área afectada –abondo alonxada do Castro de Petouzal- nulo interese arqueolóxico.

E para que conste emito o seguinte informe en Narón, Terra de Trasancos a 20 días de abril de 2010

Asdo Andrés Pena Graña
Funcionario de carreira, historiador, arqueólogo e arquivista do Concello de Narón